ESTUDOS SOBRE O FORO DE PONTEVEDRA (1169)

Xosé Abilleira Sanmartín
Coordinador



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

«UNA CUM UXORE MEA»: A RAÍÑA CONSORTE DONA URRACA DE PORTUGAL, COPROTAGONISTA DO FORO DE PONTEVEDRA DE 1169

Miguel García-Fernández

Até tempos recentes, a presenza da raíña consorte pasou moitas veces inadvertida ao estudar os díplomas rexios. Mais se reparamos con atención nos documentos, vese que as chancelerías dos monarcas medievais non deixaron de advertir que estes actuaban acompañados habitualmente por outros membros da familia real: homes e mulleres que tiñan un papel co-partícipe no exercicio e na representación do poder monárquico.

No caso do Foro de Pontevedra de 1169 cómpre destacar a presenza, xunto ao rei Fernando II, da súa primeira muller, dona Urraca de Portugal. Con toda claridade, o documento mostra que o outorgante principal foi o monarca, mais este declara actuar conxuntamente *cum uxore mea regina domna Urraca*, manifestando así o papel da raíña como parte do corpo político da monarquía, tal e como ten estudado recentemente Diana Pelaz para as raíñas da Coroa de Castela arredor da fórmula díplomática máis tardía do *rreynante(s) en vno*. É necesario,

pois, conmemorar o aniversario da concesión do Foro, mais aproveitando a ocasión para recuperar a memoria desta raíña consorte que, xunto ao seu marido Fernando II, encabezou o goberno do Reino de Galicia entre 1165 e 1175, mais cuxo esquecemento historiográfico resulta máis que notable aos dous lados do Miño. De feito, Maria Alegria Fernandes Marques sintetiza a súa biografía do seguinte xeito: «foi rainha de Leão e, mesmo separada de seu marido por ordem papal, em virtude do grau de consanguinidade que os ligava, permaneceu nesse reino, remetida, por vontade própria, ao esquecimento, no silêncio de um mosteiro, nada se sabendo mais da sua vida». Como veremos aquí, o silencio non foi tan absoluto. Tratemos, pois, de coñecer algo máis sobre a raíña que co-protagonizou a concesión do foral de Pontevedra no ano 1169.

Dona Urraca era filla de Afonso Henriques, primeiro monarca do Portugal independente, e da muller deste, a raíña dona Mafalda de Maurienne e Savoia. Nacida cara a 1148, a ama de dona Urraca parece ter sido unha muller de Coimbra, actuando como a súa aia a nobre Teresa Afonso [de Celanova], viúva de Egas Moniz.

A chegada da infanta portuguesa ao reino galego tivo lugar con motivo do seu matrimonio co monarca Fernando II despois da Paz do Lérez (1165), unha *pacem amicicia super flumen Lerice in Vetula Ponte*. Esta voda inaugurou a política matrimonial do reino portugués cos territorios da contorna inmediata, evidenciando a importancia das mulleres como peza de intercambio e alianza, así como a posibilidade de converterse en mediadoras entre a familia reinante de orixe e aquela outra coa que emparentaban por vía matrimonial. Neste sentido, resulta evidente a significación e utilidade políticas destas infantas que circularon entre reinos, cuxo papel ía máis alá de garantir a reprodución biolóxica da familia real. Non obstante, este último aspecto resultaba fundamental e no caso de dona Urraca o obxectivo viuse cumprido en 1171 co nacemento do infante don Afonso, quen sucedería ao pai no trono. A pesar de que o matrimonio de dona Urraca resultou dunha alianza política de vontade pacificadora entre Fernando II e Afonso Henriques tras longas disputas, as diferenzas entre ambos rexurdiron

ao pouco tempo e, de feito, no Foro de Pontevedra de 1169 déixase constancia das conflitivas relacións entre o sogro e o xenro ao sinalar que ese mesmo ano o *famosissimus rex domnus Fernandus uitoriosissime cepit rege Portugallorum in Badalioz*. Lamentablemente, descoñecemos como viviría dona Urraca eses momentos de tensión entre o pai e o marido e en que medida contribuíu a mediar nas diferenzas entre eles. Iso si, a aparición de dona Urraca nas subscricións de varios documentos de Afonso Henriques en 1169 podería apuntar, segundo Maria João Branco, a que «tivesse acompanhado o pai no regresso a Portugal depois da prisão pelo genro».

A participación política de dona Urraca como raíña consorte evidénciase simbolicamente en expresións como a contida no Foro de Pontevedra. De feito, poderíase argumentar que o *una cum uxore mea* simplemente era unha fórmula reiterativa da chancelería rexia sen máis relevancia. Mais o feito de que existira como tal xa implica *per se* que a concepción monárquica do momento ía máis alá da figura do monarca titular para incluír ás consortes e, en moitos casos, tamén aos fillos ou ás raíñas mai. No caso de dona Urraca de Portugal, a súa presenza na documentación rexia galega do momento repítese en varias ocasións como se pode comprobar ao longo do período que abarca desde 1165 a 1174, concretamente entre xuño de 1165, *eo tempore quo rex domnus Fernandus accepit in uxorem filiam regis Portugalensium* —segundo figura nun documento outorgado ese ano en Valdeorras—, e decembro de 1174. Duns 70 documentos de Fernando II relacionados con Galicia, a presenza de dona Urraca xunto ao monarca consta nuns 46. Porcentaxe notable dun 65 %, a pesar de chamar a atención, iso si, a ausencia de dona Urraca na maioría dos documentos de 1168 e de 1169, coincidindo neste último ano coa xa referida aparición na documentación portuguesa xunto ao pai. Se examinamos o conxunto de documentos da Chancelería de Fernando II rexistrados por Manuel Lucas Álvarez para ese mesmo período a porcentaxe é algo menor pero igualmente notable: cara ao 42 % dos documentos mostran a presenza de dona Urraca xunto ao marido. En todo caso, o Foro de Pontevedra de 1169 é bo exemplo desta constante aparición de dona Urraca como cooutorgante

dos díplomas de Fernando II e, consecuentemente, tamén un símbolo da relevancia política da raíña consorte. Por outra parte, no Tombo de Toxos Outos (AHN, *Códices*, L. 1002, f. 9v.) consérvase unha representación de ambos monarcas sentados ao lado (fig. 3, p. 35). Resulta evidente, pois, que a raíña consorte, neste caso dona Urraca, formaba parte esencial, *una cum marito suo*, da concepción do poder rexio na Idade Media. Textos e imaxes reforzan esta idea.

De todos modos, cando en xuño de 1175 Fernando II outorgou ao mosteiro de Armenteira o décimo das rendas que pertencían á Coroa en Pontevedra, dona Urraca xa non figura xunto a el como viña sendo habitual. O monarca aparece só acompañado polo fillo de ambos: *cum filio meo rege domno Alfonso*. O motivo é que ese ano tivo lugar a separación dos reis debido á falta dunha dispensa papal que dese validez a un matrimonio que fora realizado a pesar de existir un grao de parentesco prohibido entre os cónxuxes. Daquela, *rex Fernandus dimisit uxorem suam Vrracam filiam regis Adefonsi, eo quod erat consanguinea eius propinquo gradu*. Comezaba unha nova etapa para dona Urraca e tamén un incremento das hostilidades entre Portugal e o reino veciño.

A pesar do dito, é necesario sinalar que moitas raíñas non só aparecen na documentación medieval como acompañantes dos seus maridos, proxenitores ou outros membros da familia real. Ás veces o protagonismo xurídico correspondíalles en exclusiva. Non obstante, no caso de dona Urraca a documentación outorgada por ela en solitario está datada fundamentalmente durante o longo período que mediou entre a súa separación de Fernando II (1175) e a súa defunción xa entrado o século XIII, cando estaba gobernando o seu fillo, don Afonso. Dona Urraca non retornou ao reino paterno. Pola contra, permaneceu nos territorios sobre os que reinara xunto a Fernando II, ao mesmo tempo que se vencellou á Orde de San Xoán de Xerusalén nese mesmo ano de 1175: *anno quo regina sibi crucem imposuit*. De feito, en maio de 1176, indicando a súa pertenza a dita Orde —*quod sum professa in ipso Ordine*—, dona Urraca doou aos sanxoanistas as súas propiedades de Castroverde de Campos, Mansilla en León, Salas e San Andrés en Asturias, así como Cedeira en Toroño.

Fig. 11. Archivo Catedral de Zamora Leg. 8, doc. 24

Mais o feito de ter tomado a cruz non implicou para dona Urraca converterse nunha *freira* á marxe do mundo. Ao contrario, sen renunciar a figurar na documentación coa súa condición de *regina*, dona Urraca contou cun importante patrimonio —vinculado en boa medida ás arras recibidas de Fernando II e utilizado en diversas ocasións para outorgar doazóns— e incluso permaneceu ligada ao exercicio do poder público ao acompañar ao fillo no outorgamento de diversos documentos —*rex Alfonsus, una cum matre mea regina domina Urraca*—, ademais de encabezar tenencias como as de Villafranca, Castroverde ou Villalpando máis alá de 1175. De feito, en 1177 aparece como *domina regina Urraca, freiressa Hospitalis, tenente Villalpando et Castro Viridi* e en 1205 como *regina Urraca, mater reg[is], tenente Castrotorafe*.

Entre as doazóns de dona Urraca cómpre destacar unha que realizou en febreiro de 1204 a favor da catedral de Zamora, á que lle deu a

vila de Gema, que tiña *iure arrarum* (ACZa, 8/24). O pergamiño no que quedou rexistrado o acto xurídico contén unha fermosa representación da outorgante: *ego Urraca humilis regina mater regis Legionis et Gallecie*, é dicir, preséntase na súa condición de raíña mai (fig. 11, p. 73). Iso si, tamén lembra que foi infanta e raíña consorte, figurando no mesmo díploma como *filia Anfonsi Portugaliae regis, uxor quondam Fernando illustris regis Legionensis*.

A relevancia de dona Urraca compróbase até o final dos seus días.

En definitiva, como sinala Rafael González Rodríguez, dona Urraca de Portugal foi filla, muller e mai de reis. E aínda que até o momento ten sido esquecida de forma notable pola historiografía, como raíña consorte e, polo tanto, como parte do corpo político da monarquía que gobernaba o vello Reino de Galicia, dona Urraca foi co-protagonista de actos rexios de notable relevancia como a concesión do Foro de Pontevedra de 1169. Cómpre, pois, recuperar e reivindicar a memoria e o protagonismo activo de dona Urraca de Portugal xunto a outros casos de raíñas, infantas e mulleres medievais que, se lemos con atención os documentos da época, figuran con asiduidade neles por participar activamente na vida política, social, económica, cultural e devocional do seu tempo.

Conmemoremos, pois, o aniversario do Foro de Pontevedra de 1169, pero fagámolo insistindo en que foi unha concesión de Fernando II *cum uxore mea regina domna Urraca*, unha raíña case esquecida da nosa historia.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

González, Julio, *Regesta de Fernando II*, Madrid, 1943.

González Rodríguez, Rafael, «Urraca Alfonso de Portugal - Hija, esposa y madre de reyes», Blog *Más Vale Volando. Historia y Patrimonio por*

el Condado de Benavente, entrada do 13 de setembro do 2017 https://masvalevolando.blogspot.com/2017/09/urraca-alfonso-de-portugal.html [Consulta 09/02/2019].

Lucas Álvarez, Manuel. *El reino de León en la Alta Edad Media. V. Las cancillerías reales (1109-1230)*, León, 1993.

Recuero Astray, Manuel, Romero Portilla, Paz e Rodríguez Prieto, Ángeles, *Documentos medievales del reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*, A Coruña, 2000.